

Ola familias,

Esta semana presentamos unha actividade especial que esperamos sexa do voso agrado.

As mestras de infantil, con moita ilusión, puxémoslle voz a un conto moi bonito, que ás crianzas gústalles moito, **'COCORICO'**.

Deixámosvos o enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=qP4rLthZeHc>

Despois de escoitar esta historia, propoñemos diversas actividades para que **realicedes as que máis vos gusten**. Son as seguintes:

- **DRAMATIZAR** os personaxes: Cocorico, Mamá Galina e Gato Pelado : que sons fan? Como se moven?
- **CANTIQA**, coa que cantar, bailar, escoitar...
<https://www.youtube.com/watch?v=VtyHS-t-laM>
- Pensar e escribir un **TÍTULO NOVO** para este conto. Podes facer un debuxo para acompañalo.
- **MOLDEAR AOS PERSONAXES** con plastilina ou calquera masa.
- **FACER UN BISCOITO** con axuda: elaborar a receita (escribirla ou debuxala, con ou sen axuda), elaborar o biscoito, e comelo. Lembra que debes compartir, non comelo todo ti!
- **VALORAR O CONTO**: gústame porque..., non me gusta porque...
- **ELABORAR MARIONETAS**: con cartolina, tubos de cartóns, calcetíns...
- Pensar e falar sobre:
 - o **QUE PASARÍA SI...** Cocorico non comera todo o biscoito? ... si Gato Pelado e Cocorico merendaran xuntos?...
- Crear un **ACRÓSTICO** co nome de Cocorico, Gato Pelado o Mamá Galiña. Exemplo:

	G	RACIOSO
	A	BUSÓN
	T	RASTO
MED	O	